



---

Documentos de traballo

# O emprego cultural en Galicia

---

Observatorio da Cultura Galega  
Consello da Cultura Galega  
2019



18/11/2019

---

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA  
CULTURA GALEGA

**Web**  
consellodacultura.gal

**Twitter:**  
@consellocultura

**Facebook:**  
facebook.com/consellocultura

**Correo:**  
medios@consellodacultura.gal

**Telf:**  
+34 981 95 72 02



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

---

## O emprego cultural en Galicia

Este documento de traballo aborda, dende diversas perspectivas, información relativa ao emprego cultural en Galicia. As áreas analizadas son as seguintes: evolución do emprego, afiliacións á Seguridade Social, paro, contratos rexistrados así como estrutura e produtividade do emprego. O primeiro apartado nítrese da explotación que realiza o Ministerio de Cultura e Deporte (MCUD) da Encuesta de Población Activa (EPA) do Instituto Nacional de Estadística (INE), no que se ofrecen datos sobre a totalidade de persoas que desenvolven a súa actividade laboral dentro do ámbito cultural, ou ben porque teñen unha ocupación cultural, ou ben porque traballan nunha actividade económica de tipo cultural. Para a segunda análise utilizáronse os datos das afiliacións á Seguridade Social que ofrece o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social e que explota o Instituto Galego de Estadística (IGE). Esta fonte ofrece información detallada relacionada coa distribución xeográfica, réxime de cotización e rama de actividade; con todo, restrinxe o campo de estudo ás empresas culturais, quedando fóra as e os traballadores con ocupacións culturais noutro tipo de actividades económicas. O Instituto Galego das Cualificacións, a partir da explotación dos datos dos rexistros das persoas demandantes nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, subministra a información necesaria sobre a cuestión do paro. Desta mesma fonte extráense os datos relativos a contratacións no ámbito da cultura introducidos no proceso estatístico de cada ano. Por último, analízanse as cifras producidas polo Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI), que recolle datos censuais e económicos de empresas españolas e portuguesas; están incluídas practicamente a totalidade de empresas que depositan as súas contas no Rexistro Mercantil. Para a obtención dos resultados compárase unha mostra de empresas culturais coa totalidade das empresas galegas.

Estas son as fontes explotadas:

- Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Población Activa (CNAE 2009 e CNO 2011) (Censo 2011).
- Instituto Galego de Estadística. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de CNAE 2009. Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.
- Instituto Galego das Cualificacións. Dirección Xeral de Emprego e Promoción. Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Instituto Galego das Cualificacións: Indicadores do Mercado Laboral.

- Ministerio de Cultura e Deporte. Explotación de la Encuesta de Población Activa en el Ámbito Cultural, INE. Encuesta de Población Activa.
- Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI).


Os datos de ocupacións refírense á Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO 2011). Para os datos referidos a actividades económicas utilízase como referente a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009).

### Emprego cultural segundo a EPA

Considérase emprego cultural o conxunto de persoas empregadas de 16 anos en diante que desenvolven unha ocupación cultural no conxunto da economía ou calquera emprego en sectores culturais. As ocupacións culturais son aquelas actividades profesionais como: escritoras/es, artistas, arquivistas, bibliotecarias/os etc. Todas estas ocupacións son tidas en conta con independencia da actividade principal do empregador. As actividades culturais inclúen actividades de edición, de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión, así como as artísticas e de espectáculos, entre outras. Nestas actividades considérase todo o emprego con independencia da ocupación (artística, técnica, administrativa ou de dirección), dado que todas elas son necesarias para o seu funcionamento. A delimitación das actividades económicas e das ocupacións que se inclúen no ámbito cultural para a explotación que se presenta está condicionada pola dispoñibilidade das desagregacións da EPA. En definitiva, esta enquisa é a que describe con maior precisión a totalidade do emprego cultural.


O número de empregados culturais en Galicia sitúase no ano 2018 en 35.000 persoas, 1.400 menos que en 2017. Polo contrario, no conxunto estatal hai un aumento de 3.100 empregados, que acadan un total de 690.300 persoas. A análise dos últimos cinco anos dá como resultado que entre 2014 e 2018 o emprego cultural experimentou un incremento tanto en Galicia como no total de España. Con todo, trátase dun crecemento inferior en Galicia (5,5%) que no conxunto do Estado (14,7%). A seguinte gráfica amosa a evolución desta comparativa.

Evolución da cifra total de emprego cultural. Medias anuais



A evolución da proporción do emprego cultural respecto ao total do emprego en Galicia varía pouco dentro da serie temporal estudada, entre o 3,3% en 2014 e o 3,2% en 2018. A maior porcentaxe do período deuse nos anos 2016 e 2017, no que se chegou ao 3,5%. No conxunto de España a oscilación é igualmente pouco significativa (3,5% en 2014 e 3,6% en 2018) e supera o índice galego en 4 décimas, como se pode ver na seguinte gráfica.


#### Evolución da porcentaxe do emprego cultural respecto do total do emprego en Galicia e España. Medias anuais



Fonte: MCUD. Explotación de la Encuesta de Población Activa en el Ámbito Cultural, INE. Encuesta de Población Activa

Esta diferenza nas proporcións pódese explicar con máis claridade observando a tendencia xeral do emprego en comparación co emprego cultural. O total do emprego en Galicia medrou un 7,9% entre 2014 e 2018, 2,4 puntos máis que o cultural. Como se pode apreciar na gráfica inferior, o crecemento do emprego cultural é inferior e máis irregular que o total no período estudado.

#### Evolución do emprego cultural respecto do total do emprego en Galicia. Medias anuais



Fonte: MCUD. Explotación de la Encuesta de Población Activa en el Ámbito Cultural, INE. Encuesta de Población Activa



O estudo por trimestre permite observar unha análise máis detallada na que se observa un aumento de emprego cultural nos terceiros trimestres de todos os anos da serie estudada. Este crecemento (meses de xullo, agosto e setembro) está vinculado ao aumento similar experimentado no total do emprego e constitúe unha variación estacional. No período estudado, o máis destacable é que o emprego cultural destrúe postos de traballo, en maior proporción, entre o terceiro e o cuarto trimestre e entre o cuarto e o primeiro, e, pola súa vez, crea moito máis, en proporción, entre o segundo e o terceiro. Con estes datos podemos afirmar que a estacionalidade afecta en maior medida á cultura que ao conxunto do emprego.

#### Evolución do emprego cultural respecto do emprego total en Galicia. Datos trimestrais

	Emprego	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre
2014	Total	982,8	991,5	1017,3	1000,4
	Cultural	32,3	31,2	35,2	34,1
2015	Total	987,5	1009,9	1039	1032,5
	Cultural	31,3	31,6	33,8	33,7
2016	Total	1021,1	1034	1057,9	1049,6
	Cultural	34,0	34,6	37,5	37,7
2017	Total	1033,6	1048,9	1072,5	1055,8
	Cultural	35,7	35,8	37,6	36,5
2018	Total	1050,1	1075,8	1096,5	1088,1
	Cultural	34,0	34,8	36,2	34,8


Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Población Activa (CNAE 2009 e CNO 2011)

Na seguinte gráfica preséntanse de xeito máis claro as tendencias do emprego cultural e o global. Como se pode observar, o emprego total medra de xeito constante coa cifra máis elevada no terceiro trimestre de 2018 (1.096.500 de traballadoras/es), mentres que o emprego cultural comeza a descender dende o cuarto trimestre de 2016, sen que a baixada se deteña a pesar do lixeiro remonte do terceiro trimestre de 2017, para situarse a finais de 2018 en 34.800<sup>1</sup>.



<sup>1</sup> A explicación de que nesta gráfica aparezan 34.800 empregados culturais en Galicia en lugar dos 35.000 que se mostran no resto do documento de traballo ten que ver co tipo de medición estatística utilizado. Neste caso en concreto usáronse medias móbiles en lugar de medias anuais, o que pode provocar certa varianza. O mesmo sucede na cifra de emprego total.

## Evolución do emprego cultural respecto do emprego total en Galicia. Datos trimestrais



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Población Activa (CNAE 2009 e CNO 2011) (Censo 2011)

Como se indicaba anteriormente, o incremento do emprego total no período analizado amosa na comunidade galega unha diferenza porcentual de 2,6 respecto ao cultural. Co fin de profundar na orixe desta diverxencia, móstrase na seguinte táboa o número global de ocupados segundo a actividade, o que permite localizar aquelas ramas específicas nas que se experimentaron as variacións de ocupación máis importantes. Son estas subas, precisamente, as que determinan e explican esa diferenza. Na táboa inclúese, de xeito ilustrativo, o dato de emprego cultural, que, pola súa natureza, non constitúe un sector de actividade.

A táboa mostra como o emprego cultural se comportou mellor que sectores como a educación, a enerxía, a construción ou o sector agrícola e pesqueiro. Pola contra, o ámbito cultural tivo peores resultados que a Administración pública, o comercio, a hostalaría e o transporte e actividades industriais como o téxtil, a fabricación de material de transporte ou a industria manufactureira.



## Evolución da poboación ocupada en Galicia por rama de actividades

	2014	2015	2016	2017	2018
<b>Total ocupados</b>	<b>998,0</b>	<b>1.017,2</b>	<b>1.041,0</b>	<b>1.052,7</b>	<b>1.078,0</b>
Agricultura e pesca	66,1	63,7	71,4	75,2	68,0
Agricultura, gandería, caza e silvicultura (01, 02)	49,1	45,6	49,2	55,4	52,3
Pesca e acuicultura (03)	17,0	18,1	22,2	19,8	15,7
Industria	154	159,5	161,9	171,2	169,0
Industrias extractivas (05-09)	3,3	4,4	5,0	6,1	4,8

## O EMPREGO CULTURAL EN GALICIA

### DOCUMENTOS DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA  
CULTURA GALEGA

Industria manufactureira (10-33)	141,0	144,8	147,2	154,6	154,3
Industria da alimentación, bebidas e tabaco (10-12)	38,7	33,5	36,3	43,1	40,6
Industria téxtil do coiro e do calzado (13-15)	12,0	10,8	13,3	13,6	12,9
Industria da madeira, papel e mobles (16, 17, 31)	14,3	17,4	15,3	15,1	13,5
Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria (24-28)	22,1	27,0	26,5	25,5	29,4
Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais (29, 30, 33)	33,2	36,2	33,8	34,4	36,1
Resto da industria manufactureira (18-23,32)	20,7	19,9	22,0	23,0	21,8
Energía, subministración de auga e xestión de residuos (35-39)	9,8	10,3	9,7	10,5	9,8
Construción	67,1	73,6	71,8	66,6	67,3
Construción (41-43)	67,1	73,6	71,8	66,6	67,3
Servizos	710,7	720,4	735,5	739,7	773,3
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas (45-47)	166,4	167,1	167	173,9	180,2
Transporte e almacenamento (49-53)	42,7	45,0	49,6	46,6	49,8
Hostalaría (55, 56)	71,1	68,2	70,0	76,3	80,2
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (58-82)	129,2	126,6	131,9	132,8	146,2
Información e comunicacións (58-63)	22,1	21,3	24,2	24,7	26,8
Actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros (64-68)	23,0	20,8	21,4	21,7	23,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas (69-75)	41,6	43,7	46,2	45,6	51,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares (77-82)	42,5	40,9	40,0	40,7	45,0
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria (84)	71,9	70,7	71,0	71,4	76,9
Educación (85)	70,1	75,4	74,7	70,5	66,8
Actividades sanitarias e de servizos sociais (86-88)	82,4	85,9	89,7	90,6	97,9
Resto de servizos (90-99)	76,7	81,4	81,7	77,7	75,4
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (90-93)	18,6	20,7	19,5	17,9	18,3
Resto de servizos (94-99)	58,2	60,8	62,2	59,7	57,1
<b>Empregados culturais</b>	<b>33,2</b>	<b>32,6</b>	<b>35,9</b>	<b>36,4</b>	<b>35,0</b>

Fonte: IGE-INE. Enquisa de Poboación Activa



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA


Nunha perspectiva comparada coas demais comunidades autónomas, ponse en evidencia o peso que teñen as comunidades de Madrid e Cataluña sobre o resto do Estado. Entre ambas as dúas suman o 44,8% do emprego cultural en España, seguidas de Andalucía e a Comunidade Valenciana. Galicia ocupa a quinta posición en número de persoas empregadas culturais, malia o descenso de 1.400 no último ano. A táboa seguinte ofrece os datos de evolución das e dos empregados culturais en cada comunidade. Obsérvase, ademais, como no último ano a comunidade galega entra no grupo das que descende o emprego cultural e sitúase detrás de Cataluña (7.100 traballadores menos), Madrid (4.000), Baleares (3.200) e País Vasco (2.200). No lado contrario, atópase a Comunidade Valenciana, que conta en 2018 con 11.100 empregados culturais máis, seguida a certa distancia por Andalucía (3.800) e Castela-A Mancha (3.600).

DOCUMENTOS  
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA  
CULTURA GALEGA**Evolución do número de empregados culturais por comunidade autónoma. Valores absolutos. Medias anuais**

	2014	2015	2016	2017	2018
España	602,0	617,1	656,3	687,2	690,3
Andalucía	73,6	71,5	80,4	90,6	94,4
Aragón	15,2	17,0	16,2	12,4	13,2
P. Asturias	9,4	10,3	11,4	11,6	10,9
I. Baleares	16,4	17,5	17,6	22,4	19,2
Canarias	18,0	24,0	20,9	23,9	25,6
Castela e León	21,9	22,7	25,1	23,0	23,4
Castela-A Mancha	17,2	17,4	20,0	17,8	21,4
Cataluña	136,8	127,6	139,7	154,6	147,5
C. Valenciana	53,7	59,0	55,4	57,0	68,1
Galicia	33,2	32,6	35,9	36,4	35,0
C. Madrid	140,0	150,8	160,6	165,9	161,9
R. Murcia	13,0	11,9	12,4	12,2	13,9
C. F. Navarra	9,2	9,3	8,7	7,7	8,4
País Vasco	27,0	29,4	34,9	32,1	29,9
Cantabria, Estremadura, A Rioxa, Ceuta e Melilla	17,3	16,3	17,3	19,7	17,6

Fonte: MCUD. Explotación de la Encuesta de Población Activa en el Ámbito Cultural, INE.  
Encuesta de Población Activa

Madrid e Cataluña lideran tamén as comunidades españolas na proporción de empregados e empregadas culturais sobre o total, como se mostra a continuación na gráfica.

**Porcentaxe de empregadas/os culturais en relación co total de empregados por comunidade autónoma. Medias anuais (2018)**

Fonte: MCUD. Explotación de la Encuesta de Población Activa en el Ámbito Cultural, INE.  
Encuesta de Población Activa

CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



**Emprego cultural e afiliacións á Seguridade Social**

Neste apartado recóllense os datos das afiliacións á Seguridade Social a partir da explotación que ofrece o IGE dos datos do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social das e dos traballadores adscritos a actividades culturais. Isto significa que só se recollen datos dos empregados das empresas culturais, pero non das persoas con ocupacións culturais que dependen doutro tipo de actividades.

Galicia rexistra, en 2018, 12.268 afiliados á Seguridade Social nas principais actividades culturais, 271 máis que en 2017. Esta cifra representa un 1,2% do total de afiliacións de todos os sectores (997.776). Este índice non experimentou ningunha variación ao longo do quinquenio estudado. Un primeiro dato que cómpre salientar é que, no cómputo global do últimos cinco anos, as afiliacións á Seguridade Social medraron un 8,6% no total de Galicia, mentres que no conxunto das actividades culturais se incrementou nun 11,2%.

As dúas ramas da industria cultural que acaparan case a metade das afiliacións á Seguridade Social, concretamente o 48,2% do total, son: as artes gráficas e reprodución de soportes, cun 26,8%, e a rama de actividades de creación, artísticas e de espectáculos, cun 21,4%. A seguinte rama en importancia do número de persoas afiliadas é a de edición, cun 18,5%. As actividades de creación, artísticas e de espectáculos son as que experimentan unha maior suba, con 129 afiliacións máis que en 2017. A edición, as actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravado de son e edición musical, e as actividades de programación e emisión de radio e televisión son as que perderon afiliados en 2018. Na seguinte táboa pódense cotexar os datos de evolución.

**Evolución do número de afiliacións á Seguridade Social en Galicia nas ramas do ámbito cultural**

	2014	2015	2016	2017	2018
Total afiliacións	918.806	937.414	953.775	973.812	997.776
Total afiliacións no ámbito cultural	11.034	11.256	11.642	11.997	12.268
Porcentaxe sobre o total de afiliacións	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	2.988	3.065	3.171	3.274	3.284
58 Edición	2.387	2.414	2.415	2.292	2.267
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	1.203	1.222	1.280	1.280	1.278
60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1.416	1.432	1.430	1.422	1.411
63 Servizos de información	761	674	754	825	924
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1.880	2.043	2.197	2.503	2.632
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	399	406	395	401	472

Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de CNAE 2009

Na seguinte táboa detállanse os datos aos que se refire a táboa anterior pero desagregados polos distintos tipos de réximes de afiliación á Seguridade Social: o réxime xeral e o réxime de autónomos. No réxime de traballadores autónomos é onde máis aumentou o



número de afiliacións do ámbito cultural (19,2%) e, especialmente, nas actividades de creación artística e espectáculos, cun incremento dun 39,3% neste período. Estas só diminuíron nas actividades de edición, tanto no réxime xeral como no de autónomos.

**Evolución do número de afiliacións á Seguridade Social no ámbito cultural en Galicia, por réxime e rama de actividade**

	2014	2015	2016	2017	2018
<b>Total</b>					
Total	918.806	937.414	953.775	973.812	997.776
R. xeral e minaría do carbón	649.150	666.890	683.761	705.485	731.516
R. especial de autónomos	216.161	217.586	216.421	214.455	212.557
<b>Total actividades culturais</b>					
Total	11.034	11.256	11.642	11.997	12.268
R. xeral	8.164	8.201	8.456	8.765	8.846
R. especial de autónomos	2.870	3.054	3.185	3.233	3.422
<b>18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados</b>					
Total	2.988	3.065	3.171	3.274	3.284
R. xeral	2.180	2.229	2.308	2.405	2.400
R. especial de autónomos	808	836	862	869	884
<b>58 Edición</b>					
Total	2.387	2.414	2.415	2.292	2.267
R. xeral	2.031	2.055	2.071	1.962	1.941
R. especial de autónomos	357	359	345	330	326
<b>59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical</b>					
Total	1.203	1.222	1.280	1.280	1.278
R. xeral	917	919	959	959	930
R. especial de autónomos	286	302	320	321	347
<b>60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión</b>					
Total	1.416	1.432	1.430	1.422	1.411
R. xeral	1.390	1.406	1.402	1.395	1.382
R. especial de autónomos	26	26	28	27	29
<b>63 Servizos de información</b>					
Total	761	674	754	825	924
R. xeral	494	393	488	564	634
R. especial de autónomos	268	282	266	262	290
<b>90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos</b>					
Total	1.880	2.043	2.197	2.503	2.632
R. xeral	814	853	894	1.140	1.149
R. especial de autónomos	1.065	1.189	1.303	1.363	1.484
<b>91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais</b>					
Total	399	406	395	401	472
R. xeral	338	346	334	340	410
R. especial de autónomos	60	60	61	61	62

Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de CNAE 2009

Na seguinte táboa detállanse datos sobre a evolución das afiliacións á Seguridade Social no réxime de autónomos sobre o total de afiliacións. No conxunto das actividades culturais, a porcentaxe de autónomos vai medrando no período estudado, mentres que no total de afiliacións a tendencia é inversa. Así, en 2018, a porcentaxe de afiliacións en actividades culturais é 6,6 puntos porcentuais superior que no total das afiliacións, mentres que en 2014 a diferenza era de 3,5 puntos porcentuais. Cómpre salientar que nas actividades de creación, artísticas e de espectáculos máis da metade das afiliacións son no



régime de autónomos. No período estudado obsérvase que as afiliacións á Seguridade Social aumentaron entre 2014 e 2016, ano en que acadaron un 59,3%, e logo volveron descender, ata o 56,4%, en 2018. No outro extremo están as actividades de programación e emisión de radio e televisión, nas que as afiliacións en réxime de autónomos apenas acadan un 2%.

**Evolución da porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no ámbito cultural no réxime de autónomos sobre o total de afiliacións en Galicia**

	2014	2015	2016	2017	2018
<b>Total</b>	<b>23,5</b>	<b>23,2</b>	<b>22,7</b>	<b>22,0</b>	<b>21,3</b>
<i>Total actividades culturais</i>	<i>26,0</i>	<i>27,1</i>	<i>27,4</i>	<i>26,9</i>	<i>27,9</i>
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	27,0	27,3	27,2	26,5	26,9
58 Edición	15,0	14,9	14,3	14,4	14,4
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	23,8	24,7	25,0	25,1	27,2
60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1,8	1,8	2,0	1,9	2,1
63 Servizos de información	35,2	41,8	35,3	31,8	31,4
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	56,6	58,2	59,3	54,5	56,4
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	15,0	14,8	15,4	15,2	13,1

Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de CNAE 2009

O número de afiliacións á Seguridade Social varía considerablemente segundo a provincia. Un 58,6% do total dos empregados culturais afiliados correspóndelle á provincia da Coruña, dos que un 77,7% son de réxime xeral e un 22,3% autónomos. Pontevedra ocupa a segunda posición cun 27,7% de afiliados e afiliadas (65% xeral e 35% autónomos).

**Número de afiliacións á Seguridade Social no ámbito cultural en Galicia, por réxime e provincias (2018)**

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	12.268	7.191	939	737	3.401
Xeral	8.846	5.586	604	451	2.210
Autónomos	3.422	1.605	335	286	1.191

Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de CNAE 2009




**Paro rexistrado**

Considérase paro rexistrado, segundo a metodoloxía do Instituto Galego das Cualificacións, o total de demandas en alta existentes a fin de mes. Neste apartado recóllense as e os demandantes rexistrados nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia nas actividades de información e comunicacións e artísticas, recreativas e de entretemento.

Nos últimos cinco anos o paro rexistrado en Galicia nas actividades culturais descendeu nun 26,5%, o que supón un total de 2.014 parados menos. En 2018 a baixada foi de 430

persoas, co que o número de persoas desempregadas se sitúa en 5.596, o máis baixo da serie. Ao comparar estes resultados co conxunto do paro rexistrado na comunidade galega, obsérvase un comportamento sensiblemente peor das principais actividades do sector cultural. En Galicia hai 82.309 desempregados menos no último quinquenio, un descenso dun 32%, superior en 5,5 puntos porcentuais ao experimentado no eido cultural. O desemprego destas actividades culturais representa o 3,3% do total da comunidade galega.


#### Evolución do paro rexistrado en Galicia nas principais actividades culturais



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Por sectores, este descenso do paro foi superior nos traballos relacionados co ámbito da información e comunicacións, cunha baixada, en 2018, de 271 persoas fronte aos 159 desempregados menos en actividades artísticas, recreativas e de entretemento. A análise global de todo o quinquenio (2014-2018) constata que é precisamente no ano 2015 no que a cifra de persoas paradas no eido da información comeza a baixar de xeito significativo, ata acadar un descenso global de 1.512 persoas. No campo das actividades artísticas tamén se percibe unha tendencia á baixa do desemprego, pero en menor medida (o descenso total do quinquenio é de 502 persoas). Como se constata na seguinte gráfica, 2018 é o ano con menos parados no sector cultural de toda a serie.

#### Evolución do paro total rexistrado en Galicia segundo seccións da CNAE 2009



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)



O sexo e a idade son variables que inflúen de xeito significativo nos datos de desemprego. Obsérvase que o repartimento deste é superior nos homes, un 51,6% fronte a un 48,4% de mulleres. Con todo, ao filtrar o dato por seccións de actividade vese que un 53,3% das persoas paradas en actividades artísticas, recreativas e de entretemento son homes e en información e comunicacións o 51% son mulleres.


**Evolución do paro rexistrado en Galicia por idade e sexo, segundo seccións do CNAE 2009. Decembro 2018**

	Información e comunicacións			Actividades artísticas, recreativas e de entretemento		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
De 16 a 19 anos	-	-	-	10	7	-
De 20 a 24 anos	43	19	24	142	90	52
De 25 a 29 anos	178	94	84	414	201	213
De 30 a 34 anos	238	114	124	425	200	225
De 35 a 39 anos	338	174	164	463	217	246
De 40 a 44 anos	368	155	213	491	247	244
De 45 a 49 anos	269	132	137	397	209	188
De 50 a 54 anos	251	124	127	365	238	127
De 55 a 59 anos	225	112	113	298	184	114
De 60 a 64 anos	177	99	78	258	145	113

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Dirección Xeral de Emprego e Promoción. Consellería de Traballo e Benestar

Dentro da poboación en idade laboral, a maior cifra de paro enmárcase na franxa comprendida entre os 40 e os 44 anos, como se observa na seguinte gráfica.

**Paro rexistrado en Galicia por idade, segundo seccións do CNAE 2009. Decembro 2018**




Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Dirección Xeral de Emprego e Promoción. Consellería de Traballo e Benestar



Entre 2014 e 2018 diminuíu o paro un 26% no caso das mulleres e un 27,6% no caso dos homes. A gráfica de evolución mostra un descenso paulatino e de similares proporcións entre os dous sexos no período estudado.

#### Paro rexistrado en Galicia por sexo, segundo seccións do CNAE 2009 (2014-2018)



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Dirección Xeral de Emprego e Promoción. Consellería de Traballo e Benestar

#### Demanda e contratación de ocupacións

Neste apartado ofrécense as 24 ocupacións máis demandadas no ámbito cultural. Cómpre matizar que unha mesma persoa en paro pode solicitar ata seis ocupacións distintas nas que desexa traballar. Deste xeito obtérase o total de solicitudes de ocupacións das persoas inscritas no paro, dato que pode ata sextuplicar a cifra de persoas paradas obtida nos informes de paro rexistrado.

#### Ocupacións máis demandadas no ámbito cultural en 2018 CNO-2011 (8 díxitos)

Ocupacións	Demandas
Profesorado de idiomas, en xeral	1.314
Axudantes de biblioteca e/ou documentación	778
Animadoras/es socioculturais	708
Monitoras/es socioculturais	648
Tradutoras/es-intérpretes	609
Fotógrafas/os, en xeral	601
Músicas/os instrumentistas, en xeral	501
Empregadas/os administrativas/os de arquivos e/ou bibliotecas	487
Tradutoras/es, en xeral	430
Técnicos/-as en audiovisuais (imaxe e son)	427
Xornalistas	412
Profesorado da área de ciencias sociais, xeografía e historia (ensino secundario)	399
Profesorado da área de lingua castelá, autonómica e literatura (ensino secundario)	353
Redactoras/es de prensa, radio e televisión	348
Filólogas/os	337
Historiadoras/os	336
Bibliotecarias/os	261
Operadoras/es de cámara (cinema, televisión e/ou vídeo)	244
Redactoras/es-correctoras/es de editorial	220
Dependentas/es de tendas de artigos de fotografía, cinema e vídeo	218
Produtoras/es de radio, cinema, televisión, teatro e/ou espectáculos	215



DOCUMENTOS  
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA  
CULTURA GALEGA

Arquiveiras/os	204
Debuxantes, en xeral (agás debuxantes técnicos)	201
Profesorado da área de linguas estranxeiras (ensino secundario)	198

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Instituto Galego das  
Cualificacións: Indicadores do Mercado Laboral

**Ocupacións máis demandadas por mulleres no ámbito cultural en 2018 CNO-2011 (8 díxitos)**

Ocupacións	Demandas
Profesoras de idiomas, en xeral	1.036
Axudantes de biblioteca e/ou documentación	614
Animadoras socioculturais	558
Monitoras socioculturais	512
Tradutoras-intérpretes	478
Empregadas administrativas de arquivos e/ou bibliotecas	366
Tradutoras, en xeral	327
Fotógrafas, en xeral	322
Profesoras da área de lingua castelá, autonómica e literatura (ensino secundario)	301
Filólogas	281
Xornalistas	274
Profesoras da área de ciencias sociais, xeografía e historia (ensino secundario)	264
Redactoras de prensa, radio e televisión	235
Axudantes de museo	230
Historiadoras	225
Bibliotecarias	195
Técnicas en audiovisuais (imaxe e son)	170
Profesoras da área de linguas estranxeiras (ensino secundario)	156
Conservadoras de museo e galerías de arte	146
Redactoras-correctoras de editorial	145
Profesoras de actividades artístico-manuais	144
Deseñadoras de páxinas web	143
Axudantes de arquivo	143
Arquiveiras	142

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Instituto Galego das  
Cualificacións: Indicadores do Mercado Laboral.

**Ocupacións máis demandadas por homes no ámbito cultural en 2018 CNO-2011 (8 díxitos)**

Ocupacións	Demandas
Músicos instrumentistas, en xeral	444
Fotógrafos, en xeral	279
Profesores de idiomas, en xeral	278
Técnicos en audiovisuais (imaxe e son)	257
Operadores de cámara (cinema, televisión e/ou vídeo)	165
Axudantes de biblioteca e/ou documentación	164
Animadores socioculturais	150
Xornalistas	138
Monitores socioculturais	136
Profesores da área de ciencias sociais, xeografía e historia (ensino secundario)	135
Tradutores-intérpretes	131
Técnicos en impresión, en xeral (industrias gráficas)	124
Peóns da industria gráfica	124
Empregados administrativos de arquivos e/ou bibliotecas	121

CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

DOCUMENTOS  
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA  
CULTURA GALEGA

Peóns de escavacións arqueolóxicas e similares	118
Técnicos en equipos de gravación en son	117
Profesores de instrumentos musicais, en xeral	113
Redactores de prensa, radio e televisión	113
Historiadores	111
Debuxantes, en xeral (agás debuxantes técnicos)	105
Tradutores, en xeral	103
Produtores de radio, cinema, televisión, teatro e/ou espectáculos	99
Músicos de sala de festas ou similares	89
Montadores de vídeo	86

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Instituto Galego das Cualificacións: Indicadores do Mercado Laboral

Segundo estes datos, entre as ocupacións máis demandadas hai varias relacionadas coas linguas e coas actividades das bibliotecas, monitores socioculturais, músicos, fotógrafos e técnicos audiovisuais.

Das ocupacións preferidas polas mulleres tres pertencen ao ámbito das linguas: profesoras de idiomas, en xeral, tradutoras-intérpretes e tradutoras, en xeral. No caso dos homes só unha destas ocupacións se sitúa entre as dez máis demandadas. Por outra banda, entre as ocupacións máis solicitadas por homes destacan as de carácter máis técnico, como fotógrafos, técnicos en audiovisuais ou operadores de cámara. En segundo lugar, a única ocupación de tipo artístico máis solicitada por eles é músicos e instrumentistas en xeral, que ademais ocupa a segunda posición en preferencia tras a ocupación técnica, como se pode observar na táboa anterior.

Como contraste ás ocupacións máis demandadas, na seguinte táboa atópanse as ocupacións obxecto de maior número de contratos, detalladas por sexo. As contratacións de homes son superiores en 15 das 27 ocupacións con maior número de contratos. Os homes teñen máis contratos entre compositores, músicos e cantantes, ocupacións técnicas e actores e as mulleres supéranos nas seguintes ocupacións: monitoras de actividades recreativas e de entretemento, traballadoras de procesos de impresión, coreógrafas e bailarinas, xornalistas, profesoras de ensino non regulado de idiomas, filólogas, intérpretes e tradutoras, bibliotecarias, documentalistas e afíns e profesoras de ensino non regulado de artes.

**Ocupacións do ámbito cultural con maior número de contratos en 2018 CNO-2011 (4 díxitos)**

Ocupacións	Contratos		
	Mulleres	Homes	Total
Monitoras/es de actividades recreativas e de entretemento	1.034	602	1.636
Compositoras/es, músicos/as e cantantes	368	974	1.342
Actrices/actores	240	415	655
Técnicas/os de gravación audiovisual	73	292	365
Outras técnicas/os e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas	49	140	189
Traballadoras/es de procesos de impresión	104	1	105
Coreógrafas/os e bailaríns	55	34	89
Xornalistas	52	28	80

CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



DOCUMENTOS  
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA  
CULTURA GALEGA

Profesorado de ensino non regulado de idiomas	54	21	75
Artistas creativos/as e interpretativos/as non clasificados/as baixo outras epígrafes	14	59	73
Locutoras/es de radio, televisión e outras presentadoras/es	18	44	62
Directoras/es de cinema, de teatro e afíns	24	24	48
Empregadas/os de bibliotecas e arquivos	26	15	41
Artistas de artes plásticas e visuais	25	15	40
Profesorado de ensino non regulado de música e danza	11	24	35
Fotógrafas/os	12	11	23
Filólogas/os, intérpretes e tradutoras/es	19	2	21
Técnicas/os de radiodifusión	5	15	20
Sociólogas/os, xeógrafas/os, antropólogas/os, arqueólogas/os e afíns	5	6	11
Bibliotecarias/os, documentalistas e afíns	9	1	10
Profesorado de ensino non regulado de artes	6	2	8
Traballadoras/es de procesos de preimpresión	3	3	6
Escritoras/es	1	4	5
Directoras/es e xerentes de empresas de actividades recreativas, culturais e deportivas	2	2	4
Filósofas/os, historiadoras/es e profesionais en ciencias políticas	2	1	3
Codificadores/as e correctores/as de imprenta	1	2	3
Operadoras/es de laboratorios fotográficos e afíns	1	1	2

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Instituto Galego das Cualificacións: Indicadores do Mercado Laboral

**Contratos rexistrados no ámbito da cultura**

O seguinte apartado aborda información sobre os contratos rexistrados no total dun ano en Galicia, independentemente de que unha persoa poida ter varios contratos de traballo no mesmo período seleccionado. Este dato anual é o resultado dos contratos rexistrados e introducidos no proceso estatístico desde xaneiro ata decembro. Trátase, pois, dun dato acumulado.

O número de contratos en Galicia nas principais actividades de carácter cultural incrementouse un 49,1% no total dos cinco anos analizados. Con todo, o aumento máis importante ten lugar na sección de actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun crecemento dun 56,1% fronte ao 25,9% da de información e comunicacións. Esta suba iniciábase no ano 2015 de xeito moi acentuado no caso das actividades artísticas (un aumento de 4.155 contratos), mentres que na sección de información e comunicacións diminuíu en 431 contratos, como se constata na táboa seguinte.

**Evolución do número total de contratos rexistrados en Galicia en ocupacións do ámbito cultural, por seccións**

	Información e comunicacións	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	Total
2014	15.914	52.668	68.582


CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

2015	15.483	56.823	72.306
2016	15.463	61.116	76.579
2017	18.551	69.147	87.698
2018	20.031	82.201	102.232

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos do Instituto Galego das Cualificacións: Indicadores do Mercado Laboral

A estacionalidade, que xa se observou ao analizar os datos da EPA, afecta de xeito moi significativo á execución de contratos na sección de actividades artísticas, recreativas e de entretemento, como se constata na seguinte gráfica de evolución do ano 2018. A sección de información e comunicacións experimenta tamén os efectos deste fenómeno, pero cunha intensidade menor.

#### Número total de contratos mensuais rexistrados en Galicia en ocupacións do ámbito cultural, segundo seccións (2018)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos do Instituto Galego das Cualificacións: Indicadores do Mercado Laboral

Un 51,4% dos contratos efectuados na sección de información e comunicacións e un 51,9% na de actividades artísticas, recreativas e de entretemento son asinados por homes. En xeral, e como se pode ver na seguinte táboa, en 2018 o número de contratos no eido da información e comunicacións aumentou para ambos os sexos. Non obstante, no campo das actividades artísticas aumentou para as mulleres e diminuíu para os homes.



#### Evolución do número de contratos rexistrados en Galicia en ocupacións do ámbito cultural por sexo

	Información e comunicacións		Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2014	9.659	8.245	31.450	19.411
2015	8.639	6.844	36.157	20.666
2016	15.785	17.608	23.127	19.924
2017	10.915	7.636	42.050	27.097
2018	11.876	11.203	26.274	24.337

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos do Instituto Galego das Cualificacións: Indicadores do Mercado Laboral

**Estrutura do emprego**

Para complementar a información que se ofrece, procedeuse a unha explotación da base de datos do Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI), que recolle datos censuais e económicos de empresas españolas e portuguesas. Inclúense unha gran cantidade de empresas que depositan as súas contas no Rexistro Mercantil. Para a obtención dos resultados compárase unha mostra de empresas culturais coa totalidade das empresas galegas.

A estrutura do emprego nas empresas segundo o número de persoas empregadas indica que as empresas culturais son máis pequenas que o conxunto de empresas galegas. O 87,5% das empresas culturais galegas teñen menos de 10 traballadores. En relación con isto, o número de medianas e grandes empresas é proporcionalmente un pouco inferior ao total de empresas galegas.

**Empresas por número de empregadas/os (2017)**

	Total mostra	Menos de 10	de 10 a 50	de 50 a 250	Máis de 250
Total empresas	36.075	29.589	5.531	818	137
Porcentaxe	100,0	82	15,3	2,3	0,4
Empresas culturais	795	696	83	14	2
Porcentaxe	100	87,5	10,4	1,8	0,3

Fonte: Sistema de Análise de Balances Ibéricos

A distribución do emprego por tamaño empresarial amosa unha concentración de traballadores nas microempresas e nas pequenas empresas. O 56,8% do emprego depende de empresas culturais de menos de 50 persoas, e o 20,9% das grandes empresas. En comparación coa totalidade do tecido empresarial, hai maior dependencia das empresas máis pequenas e menos concentración nas grandes. As principais empresas culturais por número de persoas empregadas son xornais e produtoras de cine e televisión.

**Distribución do emprego nas empresas por número de traballadores (2017)**

Número de empregadas/os	Empresas culturais	Porcentaxe	Total empresas	Porcentaxe
Menos de 10	2.033	33,5	92.648	23,0
de 10 a 50	1.412	23,3	107.288	26,6
de 50 a 250	1.351	22,3	77.175	19,1
Máis de 250	1.269	20,9	126.515	31,3
Total mostra	6.065	100,0	403.626	100,0

Fonte: Sistema de Análise de Balances Ibéricos



En relación co anterior, a media de persoas empregadas das empresas culturais é de 8. Resulta menor que a do conxunto de empresas galegas e, en contraste con estas, non creceu nos últimos anos.

**Evolución da media de empregadas/os**

		2013	2014	2015	2016	2017
Número empregadas/os (Media)	Empresas culturais	8	8	8	8	8
	Total empresas	10	10	11	11	11

Fonte: Sistema de Análise de Balances Ibéricos

**Produtividade do emprego**

Neste apartado examínanse tres indicadores de produtividade do emprego: custo medio, ingresos de explotación e beneficio, por persoa empregada.

O custo medio do empregado das empresas culturais sitúase en 23.000 euros, cunha tendencia á alza moi pequena nos últimos anos. En comparación co conxunto do tecido empresarial, os custos laborais das industrias culturais de Galicia son un pouco máis baixos, un 8% menos na última anualidade.

**Evolución do custo medio das empregadas/os (mil) – Media**

	2013	2014	2015	2016	2017
Empresas culturais	22	23	24	22	23
Total empresas	24	24	24	24	25

Fonte: Sistema de Análise de Balances Ibéricos

Tras o período de recesión marcado pola crise económica, en 2015 comeza unha etapa de crecemento en Galicia que continúa durante os anos 2016 e 2017, pero que non se reflicte no indicador de ingresos de explotación por empregado no ámbito cultural. Como se ve na seguinte táboa de evolución, os ingresos de explotación por empregado si que aumentan no conxunto do tecido empresarial galego en 22.000 euros durante o quinquenio estudado, mentres que o sector cultural non saca proveito da situación.

**Evolución dos ingresos de explotación por empregada/o (mil) – Media**

	2013	2014	2015	2016	2017
Empresas culturais	80	84	86	82	83
Total empresas	157	155	159	165	179

Fonte: Sistema de Análise de Balances Ibéricos

A situación é similar cando se analiza o beneficio das empresas culturais galegas por persoa empregada. Nun marco xeral onde o conxunto do tecido empresarial obtén un rendemento de 16.000 euros por traballador, o beneficio para as empresas culturais é de 2.000 euros por persoa empregada, un feito que parece indicar unha situación desfavorable para a creación de novas empresas e a contratación neste sector.

**Evolución do beneficio por empregada/o (mil) – Media**

	2013	2014	2015	2016	2017
Empresas culturais	0	1	0	1	2
Total empresas	8	8	13	12	16

Fonte: Sistema de Análise de Balances Ibéricos



## Conclusións

O número de empregadas e empregados culturais en Galicia situouse no ano 2018 en 35.000 persoas, 1.400 menos que en 2017, segundo unha explotación do Ministerio de Cultura e Deporte a partir de datos da Encuesta de Población Activa (EPA). No conxunto estatal, en cambio, aumenta en 3.100, ata chegar ás 690.300 persoas. Entre 2014 e 2018 o emprego cultural experimentou un incremento dun 5,4% en Galicia, sensiblemente inferior ao total de España e cunha evolución máis irregular.

En contraste cos datos da EPA, as afiliacións á Seguridade Social no ámbito das empresas culturais amosan unha lixeira tendencia á alza en 2018. As actividades de creación, artísticas e de espectáculos son as que experimentan a maior suba. Cómpre salientar que nos últimos cinco anos as afiliacións medraron un pouco máis no conxunto das actividades culturais que no total de Galicia. Máis da metade do total de afiliadas e afiliados son da provincia da Coruña.

O número de contratos experimentou un incremento dun 49,1% nos cinco últimos anos. Neste mesmo período, o paro rexistrado en Galicia nas principais actividades culturais descendeu nun 26,5%, un total de 2.014 persoas desempregadas menos, que constitúen o 3,3% do paro total galego. O comportamento do paro nas principais actividades culturais, malia ser positivo, foi un pouco peor ca o total galego.

O emprego cultural comportouse mellor nos últimos anos que sectores como a educación, a enerxía, a construción ou o sector primario e peor que a Administración pública, o comercio, a hostalaría, o transporte e algunhas actividades industriais.

Dentro do ámbito estatal, Galicia é a quinta comunidade en número de empregados culturais. Madrid e Cataluña suman entre ambas as dúas o 44,8%. A proporción de emprego cultural sobre o total en Galicia é o 3,2%, 4 décimas por debaixo da media nacional, o que a sitúa en cuarta posición neste indicador.

A estrutura do emprego nas actividades culturais indica que, en comparación coa totalidade do tecido empresarial, hai maior dependencia das empresas máis pequenas e menos concentración nas grandes. As principais empresas culturais por número de persoas empregadas son xornais e produtoras de cine e televisión.

A produtividade, os ingresos e o beneficio por empregado das empresas culturais son inferiores á media das empresas galegas. En contraste, o custo medio da persoa empregada é un pouco menor que no total.

O emprego cultural experimenta unha importante estacionalidade, maior que a do total do emprego. No período estudado, o máis destacable é que as oscilacións son importantes e maiores que as do conxunto de traballadores e traballadoras entre os trimestres en que se crea emprego e os que se destrúe. Os datos de contratación indican que a estacionalidade afecta de xeito destacado ás actividades artísticas, recreativas e de entretemento.

O número de autónomos nas actividades culturais supera en proporción ao total de actividades. Nas actividades de creación, artísticas e de espectáculos máis da metade das afiliacións son do réxime de autónomos. Ademais, nos últimos cinco anos, mentres que o



---

DOCUMENTOS  
DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA  
CULTURA GALEGA

número de autónomos descendeu no total do emprego, incrementouse nas actividades da cultura.

Entre as ocupacións máis demandadas hai varias relacionadas coas linguas e coas actividades das bibliotecas, seguidas de monitores socioculturais, músicos, fotógrafos e técnicos audiovisuais. Das ocupacións máis demandadas por mulleres cinco pertencen ao ámbito das linguas, mentres que entre as demandadas por homes destacan as de carácter máis técnico, como fotógrafos, técnicos en audiovisuais ou operadores de cámara.



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

---